

RELATO CURTO

A FORMACIÓN DA LINGUA

Eu son o veciño dun suevo, mira ti por onde. Coñecino o día que chegou aquí, a Gallaecia. É simpático o tío. O máis curioso é que dende que chegou non deixa de cavar nas veigas. Un día contoume que antes andaba polo mundo adiante matando xente e eu quedei pampo. Nunca imaxinei que un tipiño coma el, tan pacífico como parece, fose un asasino. Pero el non é o único suevo, que isto está cheo deles. Aínda chegaron o ano pasado, se mal non recordo no ano 411. O meu veciño aínda está aprendendo a nosa lingua, o latín, porque el falaba un idioma raro e non se lle entendía nadiña, ó pobre. Pero agora xa vai falando coa xente e vaise enterando de algo. Onte díxome que na súa horta ten unha espada soterrada debaixo dos grelos e eu pregunteille se era para que medrasen antes. Entón el riuse de min, cousa que me ofendeu, e contestoume que esa é a espada coa que mataba xente cando era asasino. Eu nunca lle tiven medo, porque sei que está arrepentido. Cando chegou a Gallaecia a súa vida cambiou, agora é outro. Por certo, chámase Baltariño Randulfe. É bastante guapo, polo menos é máis guapo ca min. Ten o pelo loiro e cando chegou a súa pel era moi branca, pero de tanto traballar ó sol púxose mouro e queimouse moitas veces. É o que máis lle fastidia de Gallaecia, o sol cáusalle moitos danos na pel. Di que na súa terra o sol non queima tanto como aquí. Pero vaise afacendo. Dime que paga a pena vivir aquí. En fin, agora Baltariño é o meu mellor amigo. Pasamos case todo o día xuntos, traballando nas veigas, que é o que nos dá de comer a nós e á miña familia, aínda que para min, Baltariño xa forma parte dela porque el non ten a ninguén e nós queremoslle moito. Creo que non tardará en casar. Ás veces, as mozas quedan mirando para el e de vez en cando bótanlle algún piropo, pero el é moi tímido. Así vos é. Voules dar de comer ós bichos e logo vou á casa de Baltariño. Que vaia ben.

Mónica Otero Agüete. 3º A

RELATO CURTO

O NACEMENTO DA LINGUA

O xeneral Melagio foi o primeiro en pisar o asentamento galaico do monte Medulio. Encontrou as portas abertas e un silencio de morte. De morte, nunca mellor dito. Coa espada en alto e cos seus lexionarios detrás, Melagio agardaba unha trampa. Andaron un pouco sen ningún incidente. E foi entón cando a luz dos fachos revelou o cadáver dunha enxoiada muller. Melagio non se sorprendeu.



Pero a medida que avanzaban, o número de mortos aumentaba. E entón Melagio caeu na conta de que a maioría tiña espadas propias cravadas no corazón. Máis adiante, os romanos atoparon unha mesa na que houbera un banquete. Os bancos estaban cheos de homes e de mulleres cos seus mellores vestidos e xoias que procuraran a morte, ben envelenándose ben cun coitelo entre as costelas. Suicidáranse! os moi orgullosos preferiran morrer a se volveren escravos. Melagio ordenoulles aos soldados que rexistrasen o lugar enteiro, mentres el, marabillado, observaba os cadáveres dos belos guerreiros galaicos. Entón oíu un pequeno chorimiqueo. A carón dunha fermosa muller, que parecía a máis rica de todas, había unha nena chorando, aferrándose desesperadamente á saia da que, seguramente, era a súa nai.

Claudia saíu da luxosa mansión do seu pai cedo, lucindo o seu mellor vestido e un colar de ouro.

- Xulio, como se chamaba o lugar?

- Castro de Baroña, señora Claudia.

- Ah, xa... E queda moi lonxe?

- Non, non.

A mociña enfurrou o cello.

- Eu non quero ir! Impórtame moi pouco que viva alí un tío meu. Para que quero coñecer outro irmán do meu pai?

Xulio encolleu os ombros e esporeou o seu cabalo.

A viaxe ata o castro custoulles dous días de camiño. Ó chegar alí, a Claudia sorprendeuna a beleza natural do lugar. O castro estaba situado nunha península e as vagas batían con forza e salpicaban os muros da

cidadela. O único modo de chegar ó castro era cruzando un paso de area e pedras á dereita dunha baía pequena chea de cunchas. Á esquerda quedaba a praia.

No interior das casas de teitos de palla saía a xente para ver pasar a rica moza romana. Claudia mirábaos por encima do ombreiro, sentíndose superior a toda aquela xentía. Entón, dunha casaña preto do camiño saíu un

home, que ó recoñecela púxose a berrar abrindo os ollos máis do normal.

- Ah! ah! ah! É ela! Volveu dos mortos para castigarnos!

Chapurreaba un latín con moito acento que Claudia entendeu con dificultade.

Un mozo loiro correu a carón do home tolo para calmalo.

- Pai, pai! Que pasou? Que tes?

- É ela! É ela! Navia!

- Perdoe que o moleste señor, pero meu o nome é Claudia.

Doutra casa saíu unha muller que ó ver a Claudia tamén quedou coa boca aberta.

- Oh, deuses!... Pero... Guistán! Esta non é Navia?

O home tolo deixou de esbarallar e mirou a mociña romana.

- Pero...eu...

- Non ves que Navia tiña os ollos case granate e que esta os ten gris? Esta non é Navia, é a súa filla!

Toda a aldea foi unha exclamación mentres Claudia pensaba en irse de tan raro lugar. O fillo de Guistán dixo:

- Pero, Soín, ti dixeches que a filla de Navia desaparecera.

- Pois claro, parvo. Aquí a tes, como un espírito. Xa vexo que o vello xeneral Melagio a adoptou. A ver, nena, dime, ti lembras á túa nai?

A soa mención da súa nai tróuxolle á memoria tres imaxes: unha muller cantando, a mesma muller rindo á beira do mar e a muller cos ollos vermelloos dándolle unha raíz de teixo.

- Ves, miña nena! Eu coñecín á túa nai! Foi a muller máis brava, máis forte e máis fermosa que existiu. E xuraríala pola miña vida que ti es a súa filla. Xa ves que Guistán te confundiu con ela e...

RELATO CURTO

A muller sorriu e púxose a cantar. A súa voz non era ningunha marabilla, pero a melodía era a mesma que recordaba da súa nai. Soín calou e Xulio, farto de estar calado, berrou:

- Señora Claudia! Estes están todos tolos! Marchemos! Ademais, o seu tío non anda por aquí, segundo me acaban de informar.

- Cala, estúpido! Que saberás ti? Eu lembro esa canción! Pero cóntame máis, vella.

- Que máis queres oír, nena? Que a túa nai era unha morena de ollos case granate e sorriso luminoso, que posuía unha voz capaz de amansar o máis fero lobo das montañas? Ela foi a nosa xefa, a última e a mellor. Morreu no monte Medulio, tan nova que non se podería dicir que tivese vivido. Eu sobrevivín ó suicidio colectivo que alá houbo, pois a maldita raíz de teixo que traguei non me matou. E a ti debeuche pasar o mesmo.

Claudia creulle o que dicía.

Tres semanas despois da súa marcha, a moza volveu á súa antiga casa para despedirse do seu pai adoptivo. O romano pediulle que non lle gardase rancor por ter tido parte na derrota de Gallaecia. Ela deulle o seu perdón e soubo que sempre gardaría del un bo recordo.

Toda a vida sendo romana, amando a quen cría que era seu pai. Claudia renunciou ás riquezas e ao seu pobo adoptivo tan só pola memoria da súa defunta nai. E mergullada no pasado,

agarda agora que os galegos non esquezan a súa terra nin a memoria dun pobo que noutros tempos preferiu morrer a ser escravo.

“Ollar para min
señores do novo tempo
lembrade sen esquecer
as loitas por estes tempos
soñade sen sono
aquilo que xa esquecestes
un feudo de reis
son o vaso castelo
paredes feitas de historias
son o modelo
de todas as vosas memorias
agora mirádesme de esguello
son só a pena
coa que alguén escribiu
que vos dá inmortalidade.”

Antía Solla Ferradanes 3ºB

